

# :: nun sentido literal ::

2010

Insultos, adulacións, preguntas sobre sexualidade, influencias, ciencias, lerreos varios e tamén cuestións sobre literatura. Preguntas de anónimas e anónimos na web [www.estibalizespinosa.com](http://www.estibalizespinosa.com) ao longo do último trimestre do ano 2010, empregando o formulario de preguntas *formspring*. O nick usado para responderlos era «estibalabia».

Continúa no 2011 e morre no 2012.

As preguntas van numeradas en orde inversa á súa data: comezan polo final e acaban polo principio. Vaise vendo que, a medida que nos achegamos ao principio, a cousa ponse máis ofensiva por parte dos preguntadores/as.

As preguntas van sempre en negriña.

Agás un par de excepcións e un par de sospeitas, nunca souben quen as fixo.

**113-** estibalabia 31 Dec 10

## **Sechu Sende**

Que lle pasou?

É boísimo. Preguntas se me gusta? Ten cousas que me gustan moito, curtiñas, moi claras. É un grande militante polo uso da lingua e faino de forma imaxinativa, como Igor Lugrís.

smile Comment Share

**112-** estibalabia 30 Dec 10

## **la foto en q apareces con 1cuchilla en la boca de quién es?**

De Sandra G. Rey.  
Muy amiga.  
Muy fotógrafa

smile Comment Share

**111-** estibalabia 30 Dec 10

**É hoxe a presentación aquí do almanaque? intento pasarme!**

bueh

smile Comment Share

**110-** estibalabia 30 Dec 10

**Qué estudos tienes**

Enseñanza general básica, bachillerato unificado polivalente, curso de orientación universitaria, licenciatura pre-boloñesa en Sociología, licenciatura pre-boloñesa en Filología Hispánica, inglés, francés, ruso...

Doctorado en Escepticismo Académico.

smile Comment Share

**109-** estibalabia 29 Dec 10

**Contestabas que a estética punk era interesante como xeneradora doutras estéticas, pero que non acababas de vela na túa obra.... e a estética ciberpunk?parece máis afín aos temas que tratas, os autómatas, a inmortalidadno texto, o non humano... non che pa**

De novo o guardián da limitación de caracteres baixou a ponte levadiza antes de.

Estética ciberpunk a miña? Un pouco máis de si que de non, agora que o di.

smile Comment Share

**108-** estibalabia 29 Dec 10

**Brincar neste baile de máscaras, sen ser psicanalista... Cómo sobrevive.**

Por adaptación. Sen pensalo.

smile Comment Share

**107-** estibalabia 29 Dec 10

**Feliz año, señorita espinosa**

Oh, gracismas...pero, cuál?

smile Comment Share

**106-** estibalabia 29 Dec 10

**He leído este texto de María Eloy García que has copiado y no le acabo de ver. Alomejor peço de injusto porque no conozco su obra. ¿Por qué te gusta tanto?**

Es difícil ser ligero y hondo, y la poética de esta chica lo es. Es difícil el humor, y su poética lo posee. Es difícil no caer en la grosería de la autocomplacencia, y su poética no cae. Es difícil escribir poesía buena, digan lo que digan. No sé, en la suya veo el talento como si fuera la espina de un pez transparente.

También me gustan otras poéticas vivas, que conste, que lo aperecibo a usted muy quejumbroso: la de Panero, la de Gorría, la de Novo, la de Vilas, la de Rhei, la de Ash... Son todas muy admirables. Elegí a María porque me pidieron una sola de alguien vivo, sano, actual, cardiovascular y todo eso. Fue ella en quien primero pensé.

No somos amigas ni nos conocemos personalmente ni hemos hablado jamás.

smile Comment Share

**105-** estibalabia 29 Dec 10

**Escribes textos largos**

Son novelas disfrazadas.

Los textos largos, sobre todo en poesía y blog, van un poco a contrapelo de la época y la moda. Pero, si eso le preocupa, estoy escribiendo textos más cortos para agradar a los presentadores de televisión ;)

smile Comment Share

**104-** estibalabia 28 Dec 10

**Filipa Leal? Dorothea Lasky?**

Lin uns poucos textos de Filipa Leal. "Era um verso com árbores á volta". É preciosista, saudosa, si. "O problema de ser norte", un título fermoso. Non podo xulgalá por nada máis q 3 textos.

A Dorothea Lasky aínda non a lin. Lin sobre ela. Pero non a ela.

smile Comment Share

**103-** estibalabia 28 Dec 10

**Hai algún poema que che pareza definitivo de alguén actual e vivo?**

Bueno, Szymborska, se ben é moi velliña, está viva.

O de "poema definitivo" paréceme un pouco constrictivo, sendo sincera. Que facemos despois do poema definitivo? Habería que inventarse -de cero- outra rama da literatura, así polas boas. O poema definitivo é o que aniquila a toda a poesía posterior. Demasiada responsabilidade para un só texto.

Pero se quere algo máis actual, velaí:

#### LA PANADERA MURIEL

sólo discutimos el precio de la barra  
-una baguette es como el alma -dijiste  
se despedaza por la mitad con sólo mirarla  
por eso siempre es mejor integral  
-¿el alma? -dije yo  
-la baguette -dijo ella  
su cara llevaba toda la temperatura del horno  
el delantal reflectaba el blanco todavía no inventado  
en ninguna cosa blanca  
a la temperatura justa en la que se hacen las palmeras  
yo ya pedía los trozos que ella dejaba  
para internar en su bosque a todos mis pulgarcitos  
pero cuando llegaba a la casa de lo eternamente dulce  
chilló el horno sus trescientos grados  
de repente  
yo era un cruasán recién nacido  
levantado sólo por su propia levadura  
tranquilamente me tapé de azúcar glaseada  
y olvidé que un día para hacerme  
me pusiste en bandeja  
los trescientos grados de tu tristeza

María Eloy-García, Cuánto dura cuanto, Ed. El Gaviero

-----  
Agora preguntárame por que. Bueno, non se trata dun poema definitivo, forma parte dun ciclo, do ciclo de Hipermuriel, todo el dedicado a esas mulleres de supermercado, reponedoras, carniceiras e tal. Mulleres que se fixan noutras mulleres.

María Eloy-García dedica un poemario á súa veciña, fala das veciñas, do vecindario, da casa, tamén da filosofía e da ciencia - se cadra por iso atópome afín a súa poética-. É unha forma marabillosa de entender o trazo poético: como algo que nos segue mesmo cando discutimos coa caixeira cuestións de calderilla. Como a aura que abre as portas automáticas das que fala noutro poema dese mesmo libro.

María Eloy-García está moi viva, naceu a principios dos setenta, así que aínda lle queda. Pertence a esa raza de escritores incomprendiblemente pouco coñecidos e mediáticos. Espero que lle guste tanto como a min. Creo que

"Cuánto dura cuanto" acaba de ser reeditado. É un libro maravilloso, merecedor de todos os premios que aínda non lle deron.

smile Comment Share

102- estibalabia 28 Dec 10

**Hola. He leído que has organizado algo llamado Pinte un bisonte, por favor, pero no me fue posible saber si era un festival de poesía, de blogs... ¿Habrá más ediciones? ¿Estás organizando algo?**

"Pinte un bisonte na caverna, por favor" foi un ciclo de charlas con xente que envorcaba as súas expresións, digamos, artísticas, na rede. Así, falouse de fotografía dixital, blogs, arte online... Patrocínouno o Centro On de Caixa Galicia, xa que as charlas levábanse a cabo nunha pequena sala de audiovisuais -á que eu chamei "a caverna"- dese Centro, e tivo lugar entre o 2007 e o 2008.

En principio non tiña pensado retomalo, seica a iniciativa foi boa, mesmo coa escasísima publicidade que tivo, que a finde contas é o que fai visibles estas cousas.

Non estou organizando nada. A miña poética ten bastante pouco de "poética de axenda", polo menos nestes tempos.

smile Comment Share

101- estibalabia 28 Dec 10

**Antes respondiches con dous poemas definitivos, un de Vallejo e outro de Symborska; estaría ben se poideses fornecer algunha razón que che impulsara a elexilos. E tamén: hai algún poema definitivo para ti de alguén actual? VIVO?**

O de Vallejo: "Considerando en frío, imparcialmente..."

O ton de Vallejo, por exemplo: é espléndido, a miúdo dunha humanidade encarnizada. O poeta sae aquí de si mesmo para diseccionar a outro, ao Outro, sexa quen sexa. O que máis me gusta é que se dispón a facelo en frío, de modo imparcial, como un científico.

E o texto empeza a comportarse como unha criatura viva, cambia de temperatura, do frío inicial á calidez do abrazo final vai pasando por unha serie de estados cada vez máis mornos, como se o poeta-científico do principio se fose emocionando paseniño coa materia que ten no cristal do microscopio e acabase por se precipitar el mesmo nunha éxtase de conmocións. A emoción parece sorprenden ao propio Vallejo no acto -frío, si- de escribir unhas cousiñas nun papel. O autor é superado polo que escribe, Vallejo foi un mestre niso.

O de Szymborska: "Torturas"

Szyborska é outra crac á hora de poñer sobre o tapiz as cousas claras en materia de ser humanos: nin lirismos "a la violeta", nin idealizacións do corpo utilizado como arma de combate ideolóxico nin retóricas barateiras.

O corpo como o que é: un cacho de carne. Un cacho de carne noxento. Un cacho de carne ideal para certo tipo de horrores nos que os humanos, tamén nós en primeiro lugar, somos refinados catedráticos.

Remata con esa aparición da siamesa presocrática do corpo, tan pouco cool: a alma. Polo menos, vén a insinuar, a alma ten ónde agocharse, non sei, unha vida eterna, un trato preferente en todas as escatoloxías.

O final do poema segue o esquema do sutil mazazo na cabeza: "mientras que el cuerpo es, es y sigue siendo." Si, vale, é evidente, só faltaba. Esa cualidade tan pouco intermitente do ser pode verse como unha vantaxe cando estamos vivos e ben mantidos -iso de que non desaparezamos de súpeto, por exemplo, pois está moi ben, favorece as relacións sociais e todo iso-, pero supoño que nunha cela ou nun despacho de torturas veráse como unha condena da nosa materia. Non sermos capaces de que, a vontade e literalmente, "nos trague a terra".

"Nada ha cambiado". Realmente a autora parece darse conta diso con sincero pesar. Somos todo o cibernéticos que queiramos, temos de todo, tecnoloxías a cachón. Pero o noso corpo segue tan brandiño como o da primeira medusa.

smile Comment Share

**100-** estibalabia 28 Dec 10

**A poesía non lle parece unha perda de tempo e de talento?**

A poesía parécese a un ensaio do talento.

E despois desta frase tan *touché* deixo unha resposta portátil: Non

smile Comment Share

**99-** estibalabia 28 Dec 10

**Umm, qué bueno el poema Perversa**

Se me va a convertir en mi poema más conocido. Xie xie.

smile Comment Share

**98-** estibalabia 28 Dec 10

**He visto algunos de los vídeos y podcast que tienes colgados en tu página. Son estremecedores. ¿Los haces exclusivamente tú?**

Sí. Gracias.

smile Comment Share

97- estibalabia 26 Dec 10

**Gústache Pilar Pallarés?**

Moito

smile Comment Share

96- estibalabia 26 Dec 10

**¿Has usado pseudónimos, además de la criatura mecánica? ¿En internet, por ejemplo? ¿Y antes de internet? Gracias. Molan tus respuestas**

Bueno, como para responder ahora con cualquier carallada molona! Seré adusta y disimularé, oh sí!

A «criatura mecánica» es un pseudónimo que nace con mi actividad en internet, ligado a ella. Otro que he empleado es Opia.

No sé, una vez publiqué un texto en una revista universitaria y firmé Mitilene, la capital de la isla de Lesbos, supongo que tendría a mano poesía griega por entonces. Y todavía antes, en un fanzine más viejo y antes de la peli, of course, utilicé Galadriel, cosa que me abochorna lo suficiente como para... 😊

En otra ocasión firmé como María Río. Y ya por último -son una barbaridad de pseudónimos, ahora que me doy cuenta- rubriqué un cuento como Héctor: pretendía llamar la atención sobre alguien cuyo estilo literario me gustaba y que sabía que lo leería. Llamé su atención como Héctor y en toda la vida que compartimos después creo que nunca lo supo.

Mi preferido sigue siendo Anónima.

smile Comment Share

95- estibalabia 26 Dec 10

**Descúlpeme un último comentario. E que eu creo que cabe unha resposta autoritaria de afirmación da autoridade da autora, fronte a un capitalismo que soña con regras sobre suxeitos disoltos, mais sen autoridade. A perda dese derradeiro autoritarismo leva a**

Leva a? A onde, por zeus? Maldita limitación de caracteres!

É isto suspense? Éo

Fago constar que agradezo enormemente que alguén se tome a molestia de preguntar cousas que implican unha lectura algo máis detida e unha reflexión posterior. Xa ía un pouco farta de preguntas de cuestionario de yahoo!

É interesante o que vostede plantea [deuses do galego, fulminádeme por usar este españolismo traizoeiro, plantear]: a disolución do suxeito autorial como un triunfo do capitalismo. Sen embargo, non foi o capitalismo quen soldou a nós a idea -sólida como unha peza de ferro- de que somos individuos con intereses privados que deben primar sobre o colectivo como norma de mercado?

E Roland Barthes e todo aquilo da morte do autor?

A verdade é que tampouco me planteo [fulminádeme, oh] establecer unha poética anti-capitalista [ah, non?]. Non. Ao capitalismo que coñecemos non creo que lle quede moito, e pensar isto non sei se me fai adorabilmente optimista ou directamente imbécil.

smile Comment Share

94- estibalabia 26 Dec 10

**As súas mutacións teñen moito que ver cos palimpsestos genettianos (transposicións) e isto implica post-literatura. E que é o que lle queda para si se a autora, de certo, é a linguaxe? Un nome, un rostro? Onde aquela que escribe?**

Permítaseme o desconcerto con toda esta análise que, supoño, provén da mesma persoa.

Eis, o desconcerto: [...]

Intúo o que me di, aínda que non son estudosa da obra de Genette. A miña base de teoría literaria é bastante feble, lembre que me licenciéi no norte. Creo que ando máis á última sobre neuronas espello que sobre tipos de narrador. Se é que ando á última en algo, cousa que dubido.

Non elaborei unha serie de "mutacións" como tal; si un poema chamado "mutación", que se pode ler aquí e que aparece recollido en Zoommm.

[http://www.elpais.com/articulo/narrativa/mutacion/elpepuculbab/20051224elpba bnar\\_19/Tes](http://www.elpais.com/articulo/narrativa/mutacion/elpepuculbab/20051224elpba bnar_19/Tes)

Cando empreguei o termo "mutación" fíxeno coa idea máis -se me permite o xogo de palabras- xenética que genética. A mutación é a invasión da cibernética, do autómeta, do universo inhumano no xen puro da poesía humana. O repetitivo, o non orixinal, a creación a partir do xa creado, o sampleado. No poema "mutación" en concreto, a autora muta no lector posible, que le o texto a través dunha pantalla ou dun papel. Muta nel a través dunha tecnoloxía simple e básica como é a lectura.



Noutros poemas similares a "mutación" interpolei textos de novas de xornal ou de enciclopedias, non sei se iso ten máis que ver cos palimpsestos dos que falaba Genette. Pero tamén fíxeno coa intención de non ancorar a linguaxe nun estado de cousas inmutable, de establecer na literatura a idea dos puntos suspensivos: eu non remato no meu nome, eu son os que me anteceden e os que me continuarán, textos incluídos.

Onde fica a autora, pregunta? Ser autora de algo xa me parece unha utopía. Unha distopía, case. Por iso o concepto de autor é incómodo: como aspiro a vivir do que escribo se non me pertence por completo? Para que escribir se non hai posteridade? É compatible o labor de escribir [=durar] co de desaparecer?

Non sei de ónde sae todo isto, de verdade. O cosmos, a materia e a enerxía máis que acubillarnos, fannos sentir esa orfandade. Eu síntome fascinada polo feito de ser unha criatura máis de papel que de nome, que de rostro; aspiro a iso e sei que, pese a marketing barato de escritor-marca, serei iso; sinto fascinada por esa teima, tan mortal ela, de escribir.

smile Comment Share

93- estibalabia 26 Dec 10

**Algúns dos seus poemas son atrozmente formalistas. "De todos os meus poemas inéditos...", por exemplo. Outros son eficazmente culteranos. Que é o que prima en vostede, o intelectual ou o compulsivo.**

Jo, non sei. Cría ser atroz pero non cría ser formal. Non cría ser nin eficaz nin culterana. A pregunta acaba de descompoñerme en mil sílabas.

Creo na fusión nuclear das ciencias e das humanidades: supoño que me gusta ser escépticamente precisa pero algunha distracción conduce a que me perdan as compulsións. A perfección formal ten algo de fractal, de ecuación que cadra no papel e se manifesta literariamente a "borbotóns".

De paradoxos así naceu a vida. Non pode un pensarse demasiado, tan só botarse a nacer.

smile Comment Share

92- estibalabia 26 Dec 10

**Cal é a súa posición con respecto á vangarda? Existe hoxe a vangarda? Considérase vangardista? Pode haber vangarda en Galicia? Pode haber vangarda en España?**

Ametralláchesme :)

Vanguardia só significa unha cousa: "vou por diante". Un fértil eslogan cultural de hai cen anos, cando a xente comezaba a experimentar coa velocidade, o márketing, o individualismo.

A miña posición respecto á vangarda: somos educadas, saudámonos no ascensor.

A vangarda existe? Parece que ti non o cres.

Non me considero vangardista. Se acaso va, van, coma case todos.

A vangarda, de existir, podería facelo en calquera lugar. As periferias xa non son o que eran na era internet.

A vangarda pode existir. Como onda e como partícula. A cuestión é que sempre se descubre tarde. Creo nela como un concepto "a posteriori". A anos luz do resplandor que vemos hoxe.

Vanguardia, vangarda. Nada máis reseso que un carochito de vangarda na despensa baixa da cociña.

Hoxe vai un día de sol que é pura vangarda cuántica.

smile Comment Share

91- estibalabia 26 Dec 10

### **Cal é a súa relación estética co movemento punk?**

O punk interésame como ácido histórico, como acritude: anos 70, coitelada ao consumismo, navallada ao dogmatismo cultural, doityourself e todo iso. Pero creo que a miña estética literaria non ten moito que ver: non creo no individualismo -malia ser enormemente solitaria-, non creo no No future e, en xeral, non creo en máximas gastadas ata o mínimo. Aínda que penso que traballo bastante no Doit yourself. O punk tivo un motivo para existir, un motivo que hoxe está máis deseboxado dado que vivimos enxaulados noutras coordenadas culturais.

O punk gafopasta xa é outra cousa. O punk iPad xa é outra cousa. O punk Bershka xa é outra cousa. O punk pink xa é outra cousa. O punk con future xa é outra cousa. Con todo, o punk é a actitude inspiradora doutras actitudes interesantes... e que xa son outra cousa. Convén non chamarse a engano.

O punk de hoxe é evidente que ten tanto que ver con aquel como a nosa democracia coa de Pericles: nada.

Nunca o No future tivo tanto futuro.

Longa morte ao punk!

smile Comment Share

90- estibalabia 22 Dec 10

**¿Con quién te has acostado de la literatura? ¡es una pregunta literaria, no me lo niegues!**

No computable

smile Comment Share

89- estibalabia 22 Dec 10

**Estíbaliz, ¿qué te parece Julian Assange?**

El mesmo ou Wikileaks...? Porque estase comendo el soño a organización con patacas.

Contesto o que me parece o personaxe elevado a robinhood global: Julian Assange é esencialmente elegante, polo que resulta complicado crer que proceda de Australia. A súa elegancia propicia un bo contraste con toda a merda que se dedica a desatascar.

En suma, é un fontaneiro virtual. Dos que no se manchan. Co pelo immaculado e a garabata vermella. Eu poñerialle unha luva branca, tipo lord.

Típico volve-tolas-as-mulleres-británicas.

A outros niveis: un bo epígono do noso tempo. Saber de máis e dar a coñecer certas verdades é delicto, pero todo tratado moi diplomáticamente, todo moi sutil...

smile Comment Share

88- estibalabia 22 Dec 10

**Pois non me cabeu un enunciado que xustificase esas acusacións que lle podo asegurar que non son nadiña gratuitas. Honestamente, Estíbaliz, críate moito máis espilida e non pensei que defenderías a quen fai tanto por eclipsarte a ti e a moitos outros**

Pareces saber moito. Non serás Julian Assange.

Conte, conte. Estamos en ascuas.

[felices ascuas]

smile Comment Share

87- estibalabia 22 Dec 10

**Cres que na literatura galega fai falla xente con egos supinos e escaso talento creativo, como Luis González Tosar, Yolanda Castaño, que arrepañan cartos públicos coa excusa de visibilizar a nosa literatura a cambio de porse eles diante de outros? Gracias**

Con semellante enunciado enfurruñado deixa vostede ben clara a súa postura ao respecto. Creo que o enunciado está gravemente nesgado, a resposta que vostede pretende extraer xa vai implícita nel. De modo que non vale moito.

A cuestión que non contempla a súa pregunta é que algunhas desas actuacións si poden favorecer á literatura galega.

Outras, dende logo, non, naturalmente.

Os egos supinos e o escaso talento nunca foron unha boa maridaxe, nin para a literatura en xeral nin para a particular dun autor concreto. Pero esas cousas adoitan caer polo seu propio peso, non?

Acusar por acusar é moi sinxelo, e non digamos xa na rede amparado baixo o comfortable anonimato. Debería vostede demostrar a súas acusacións antes de lanzalas, honestamente.

smile Comment Share

**86-** estibalabia 22 Dec 10

**hai uns díasdeixaralle aquí unha pregunta sobre o que significaba mmmm e xa non a veo!! Borrrouse??**

Leva vostede razón, borreina sen querer.

mmm emprégase adoito cando, na inmediatez das redes sociais, queremos expresar unha reflexión ou unha dúbida. Materializa a pegada preverbal dun pensamento.

Gustoume nomear un blog con algo que nin sequera ten o estatuto de palabra, senón de segregación vocal, algo máis cercano á onomatopea -que tampouco é- que a unha palabra común. É, polo tanto, un vocábulo expresivo sobre a reflexión.

Non representa as siglas de nada.

Si pode evocar, tamén, o son que emitimos cando algo resulta delicioso para algún dos nosos sentidos.

smile Comment Share

**85-** estibalabia 21 Dec 10

### **Por que non respondes as preguntas?**

Decidín responder só aquelas que versen sobre literatura

smile Comment Share

**84-** estibalabia 20 Dec 10

**HAHAHAHA!!! O doutor Snuggles, que mitica!!!!**

Xa...

smile Comment Share

**83-** estibalabia 19 Dec 10

**Ti eras de Marco ou de Songoku?**

Por datas, tócame Marco.

Ulises 31, Dr. Snuggles [series favoritas]

smile Comment Share

**82-** estibalabia 17 Dec 10

**vaiche o lesbi? tes parella? bi?**

Eh, eh, eh! Pero bueno, isto que é?

Privé absolu.

smile Comment Share

**81-** estibalabia 17 Dec 10

**-----tes aínda un polvo, e?**

Un polvo e?

Será un polvo electrónico, imaxino.

Iso de "aínda" é moi revelador.

[ela móndase de risa e pasa á seguinte pregunta... Ah, que non hai seguinte pregunta]

smile Comment Share

**80-** estibalabia 17 Dec 10

## ¿Juegas al ajedrez?

Soy indecisa y me lo tomo a pecho. Eso me convierte en una pésima jugadora de ajedrez.

Respuesta portátil: No.

Lo compenso con un amigo superajedrecista que me cuenta de todo: cómo son los maestros, los torneos, las decisiones sobre el tablero, la guerra, la psicología en damero, vaya.

Él me habló de esta individuo, una zarina del ajedrez según sus palabras:  
[http://es.wikipedia.org/wiki/Aleksandra\\_Kosteniuk](http://es.wikipedia.org/wiki/Aleksandra_Kosteniuk)

Y por fin una que trasciende- pensé yo, en doliéndome por la falta de costumbre -Porque sí resulta raro que, sobre un juego en el que siendo la Reina una pieza tan clave y el Rey una pieza tan boba, reinen tan escasas reinas.

A ver, me lo discutan los ofendidos.

smile Comment Share

79- estibalabia 17 Dec 10

## Ola! Gústach o nadaL?

Cando me levanto postmoderna, non.  
Cando me levanto transmoderna, si.

En xeral, é un coñazo que nos digan cándos debemos estar alegres e ser solidarios. Tamén é curioso que o Nadal, xa máis que o momento de facer agasallos, estea a se converter no momento en que nos regalamos a nós mesmos a idea de que somos bos cos demais.

Polo demais, como boa escéptica, tendo a ser práctica: menos luces e que os concellos paguen as súas facturas cando deben, como todo o mundo.

smile Comment Share

78- estibalabia 17 Dec 10

## número e. E de Enigmático, enorme, extraordinario. E de Estibaliz Espinosa..., non? supoño...

Algo diso.

Terei que lle agradecer a Esaxeración, claro.

smile Comment Share

77- estibalabia 17 Dec 10

**Una vez dijiste o escribiste que la gente solía pensat que te creías inteligente por tu voz. ¿Puedes explicarlo?**

Con franqueza, me cansan tantas cuestiones sobre lo que la gente piensa o deja de pensar de mí. Yoquése!

Tal vez si una hubiese nacido con la nariz respingona y la voz aflautada la gente tendería a etiquetarme como cercana y dulce. Pero no sólo a mí: a cualquiera.

smile Comment Share

76- estibalabia 17 Dec 10

**Entendemos que todos os premios son agua sucia?**

Todos non. Algúns. En calquera ámbito, non?

Hoxe lin nun blog de frasecollages de Álex Nortub: "los premios son el alimento del que amplía sus pies." Unha aseveración con pés. Con pés e con cabeza. Na súa aparente nonsense.

Miren, miren:

[http://2.bp.blogspot.com/\\_z0hhigdffog/TQsqFwRTsPI/AAAAAAAAACFQ/YFpXe\\_eMGj4/s1600/premio.jpg](http://2.bp.blogspot.com/_z0hhigdffog/TQsqFwRTsPI/AAAAAAAAACFQ/YFpXe_eMGj4/s1600/premio.jpg)

smile Comment Share

75- estibalabia 17 Dec 10

**Pois hai tempo dixeras nunha charla que eras sociófoba ou sociópata ou algo así**

Non entendo o "pois".

Si, debo de ser tímida, insegura e sociófoba, porque non me apetece nada contestar esta pregunta

smile Comment Share

74- estibalabia 17 Dec 10

**Hola. pregunto ¿por que tienes fama de orgullosa?**

Bueno, tengo esa fama?

Pues ni idea, será porque lo soy.

Tampoco me gusta contemporizar con ciertas cosas.  
Tampoco me creo mucho lo que digo. Eso sí lo digo con orgullo.

smile Comment Share

73- estibalabia 17 Dec 10

**¿Qué signo eres? ¿Leo?**

Quién sabe.

Tigre. Para un chino.

B+ para un japo.

Cáncer para un albaceteño.

Tendrán que venir de otros planetas para catalogar el signo de toda la especie humana.

Por lo de ahora, todos somos un poco el signo «?»

smile Comment Share

72- estibalabia 17 Dec 10

**fixen un traballo de clase sobre o seu libro Pan relacionado coa ciencia e a maxia,a alquimia..... foi unha boa experiencia**

Cánta riquiñez.

smile Comment Share

71- estibalabia responded to estibalabia 17 Dec 10

O tema dos cobros en recitais

Para o ou a da pregunta de antes:

Podes consultar esta páxina da AELG cunha táboa orientativa de honorarios e tarifas [mínimas]; un dos ítems corresponde a recitais. Grazas ao labor da AELG nos últimos anos, o traballo do escritor dignificouse un pouco neste país:

<http://www.aelg.org/resources/informations/honorarios2010.pdf>

smile Comment Share

70- estibalabia 17 Dec 10

**Bo día!. Pagan cando unha fai rcitais poéticos?. E outra cousiña...  
¿Pódese publicar en Galicia un poemario sen que te coñezan e sen ter un premio literario que teña un premio de publicación?. Grazas. A túa poesía gústame.... :)**



Ola, bo día. Graciñas.

Primeira pregunta: pagamento de recitais. Tema pantanoso. Ás veces si e ás veces non. Pagan entre -30 e uns 100 ou 200 euros, pasando por 0, claro. De que depende? preguntará. De varios factores: quen é o pagador; a idade e recoñecemento e obra publicada do escritor [canto máis novo e máis inxenuo, máis baratiño adoita saír]; a autocotización [como en todo, nisto hai xente que se tira o moco que non vexas, mesmo sen obra publicada], xa que estamos nun mercado e cada escritor funciona como unha empresa que cotiza ou non na Bolsa do Recoñecemento Popular.

En xeral: a xente non ten conciencia de que un recital sexa nada parecido a un traballo, como o de fontanería, por exemplo. Por iso, o habitual é que chamen, te "conviden a ir", poñas algún parche nalgunha cañería cultural e literaria ou -por desgraza- política e electoral, e pretendan que ti non cobres nada, nin sequera uns gastos mínimos de desprazamento [de aí os -30€ polos que che podía saír antes un recital]. Hai casos en que esta pretensión atopa sobradas xustificacións [casos de emerxencias, Prestiges e demais, certas ONG's, entidades pequenas, grupíños amateur, asociacións sen ánimo de lucro...]. Pero nun 70% dos casos responde a puro morro para que alguén se poña a chapiña de CULTURALMENTE COMPROMETIDO por convidarte, mentres el ou eles reembolsan cartos, normalmente de partidas públicas.

Por outra banda, ao contrario que na fontanería, o certo é que un recital supón unha actividade social, de modo que, dun xeito tácito, a xente categorízao como un investimento en posibles: é dicir, "posibilidade de" [posibilidade de que saias no xornal, posibilidade de que coñezas a menganitus, de que saias na foto con, posibilidade de que se nos escoiten os nosos putos peñazos de poemas...]. Dende ese punto de vista, o pagamento é en especie: que o teu nome se repita máis veces no preñado universo poético.

Así é o sistema. Con todo, debo engadir que nos últimos tempos, a modiño, a cousa vai cambiando e nos cerebros da xente vai cristalizando a idea de que pasarte unha tarde conducindo ata -poñamos- o concello de Patufeiros -inventado-, chegar a un local, ler uns textos, tomar un café, escoitar textos doutros e regresar á túa casa supón un gasto.

Espero non desanimarte con esta resposta. O tema dá para moito e, ademais, ten un halo de tabú, o cal tórnao interesantísimo.

2ª pregunta: a publicación "ex nihilo". Claro que se pode. Claro que se debe! Non deixa de ser fabuloso que publiquen a alguén que, simplemente, vai a unha editorial, deixa a ler os seus textos, alguén da casa considera que son bos, cre na súa proposta e decide dar o paso. Iso é posible e desexable. Que acontece tamén no MundoReal? Que a Literatura é un Mercado, como tal sometido ás súas leis e estruturas: cobra unhas peaxes publicitarias e sociais. Nun mercado tan precario como é o da edición en Galiza, os editores adoptan cada vez máis a fórmula da publicación con premio porque, dalgún xeito, boa

parte do márketing xa corre a cargo do membrete PREMIO. Esa tendencia tamén é rastrexable no resto do estado.

A xente recoñecida a nivel popular polos motivos que sexan [mediáticos, escandalosos, celebriting variado, moda, societé] ten máis posibilidades de publicar porque naturalmente ten máis posibilidades de vender. A ecuación, de puro simple, ofende. Escribir é algo mediático tamén, un medio de comunicación menos masivo, pero un medio. E todos os medios de comunicación manteñen relacións incestuosas entre si: verbigracia, Punset non tería publicado tanto, seguramente, se non tivese un [excelente] programa na TV. O problema é que ser mediático, segundo en qué medio, tamén contamina a literatura. Caso Dragó, por exemplo, ou cómo banalizar unha proposta literaria por sobreesaturación catódica de personaxe.

Conviría así mesmo aclarar qué significa "coñecer". "Publicar un poemario sen que te coñezan", dis. En principio, todos os escritores publican o seu primeiro libro sen que ninguén [ou moi poucos] os coñezan. Dan ese salto no baleiro. É posible que ninguén te coñeza na rúa pero ti coñezas a un editor [gustaríame dicir "ou editora", pero en poesía galega non existe] ou, de maneira natural, te presentes a el e lle deixes ver o teu traballo. Co cal pasa inmediatamente de non coñecerte a coñecerte. Iso implica moverse á montaña en vez de deixar que a montaña se mova a ti, pero así se funciona para defender calquera tipo de proxecto. Riscos? Son poucos. O temido rexeitamento acontecéncenos a todos algunha vez, mesmo se xa tes obra publicada. Hai máis portas nas que petar. E non sempre se rexeita un poemario en si, rexéitanse outras cousas, cousas das que non se fala, e non me refiro a ideoloxías políticas ou similar. Un traballo, unha proposta BOA na que alguén cre, na que alguén cre con talento para crer, sae adiante. Así que si, claro que é posible publicar con esas condicións e moitos foron quen publicaron por vez primeira de tal xeito.

Os premios poéticos. Uf. Habería que falar de todo iso. Pero ás veces semella latexar unha certa *omertá*. Non confíes moito neles. É xenial gañalos só cando tes a certeza de que son purísimos. Algúns están extraordinariamente - esaxeradamente- ben dotados e iso...ben, fai babexar a moitos. Hai intereses, nunca explícitos. Modas... E logo os gustos persoais de 3 ou 4 persoas nun xúri, claro. Algúns premios son plenamente limpos. Pero moitos deles, non só aquí en Galiza, supoñen un bo tema para chamar a fontaneiros: implican moita cañería que desatascar, moita cisterna de favores que devolver ou que investir, moita auga sucia pingando.

Espero terche axudado un pouco. O meu consello: intenta publicar, se non sae unha vez, será outra [ en papel, en dixital...], preséntate só aos premios que consideres honestos [ahá, pero cales?], ama o que escribes, corríxeo, córtao, desbótao se fai falla e volve amar a outro como se fose a primeira vez. Terás así máis forzas para deixarte un pedazo de vida nel.

smile Comment Share

69- estibalabia 16 Dec 10

## **Non consigo -orama. Número e non me gustou moito. A min me vai a poesía de sempre.**

Non sei qué é a poesía de sempre. Non creo que Homero teña moito que ver con Billy Collins, nin Ajmátova con Safo. Supoño que te refires a temas convencionais, rima e iso.

"-orama" publicouse en Pontevedra, nunha colección de libríños da Deputación, colección chamada Tambo, como a illa, e que dirixía Luis Rei. Ignoro se na Deputación quedarán exemplares. Perdinlle a pista a ese pequeno libro sobre a ollada.

Unha das cousas boas del era o debuxo da capa.

Podes preguntar no servizo de publicacións da Deputación de Pontevedra. Ou tal vez nalgunha biblioteca pública. Cunha pouca sorte languidecerá de alegría en Gaiás...

smile Comment Share

**68-** estibalabia 16 Dec 10

**Escoiteite falar en Vigo este ano e non esaxero se digo que nos deixaches a todos moi impresionados coa túa creatividade... coa forza do teu discurso. Pena foi que non sobrase tempo para ler máis poemas. Saúdo ben grande**

Vanme facer chorar. Vou ter que ignoralos con aire de diva ávida.

smile Comment Share

**67-** estibalabia 16 Dec 10

**fas os vídeos co móvil??**

Ou cunha cámara de fotos. Vivimos na era do low-fi, non sei de qué se sorprende.

smile Comment Share

**66-** estibalabia 14 Dec 10

**Por que aparece tanto o lector nos teus poemas? Graciñas por responder**

Por empatía.

Calquera escritor, antes que escritor, é lector. En maior ou menor medida. Escribimos por imitación. Cando lemos algo que nos gusta poñémonos na pel do personaxe ou do autor.

Cando escribimos, tamén sucede á inversa.

Si, penso moito no feito de ler, en cómo se descodificará tal feito dentro de moito tempo. Parécenos tan invariable ese xesto: o lombo curvado, a vista centrada, esa quietude, micromovements nas pupilas, nos dedos, nas pálpebras, algún que outro tic perdido... É unha sensación moi familiar. A idea da lectura nutre á da escritura, ou se nutren mutuamente ou en osmose viven ou quéseieu! Non podo deixar de escribir unha liña sen pensar en relela inmediatamente e dentro dun ano, de quince, de mil...

Por empatía.

smile Comment Share

65- estibalabia 14 Dec 10

**Grazas pola resposta, pero non me di qué lle parece o cine xaponés, só fala do anime e cita unhas películas**

Bueno, leva vostede razón. A ver, qué digo: o cine xaponés é... implosivo? Esteticamente moi bonito, moi coidado e argumentalmente volcánico. En fin. Non sei, é difícil non caer no clixé con Xapón. Monte Fuji, pobo belicoso, feo pero sexualmente intenso, lirismo, machismo, tenebrismo, colorismo poppy, contemporiza con Occidente... Semella que sempre necesítase dun irmán maior contra o que exercer o seu odio, a súa visceralidade. Antes China, logo EEUU...

Vaime fulminar o raio do clixé se sigo por aí.

Do cine quédome co asedio ao castelo en Ran, a corda que ata aos amantes de Dolls, o pelo feminino como símbolo de terror, os Kodamas e o Vixiante Nocturno de Mononoke, o enterro alegre dos Soños de Kurosawa e o espírito das neves... Entendo que a nosa educación televisiva foi xaponesa e, dalgún modo, saben tocarnos a fibra sensible moi malamente. Ademais fixérono de perlas: primeiro disfrazaron de europeos [Marco, Heidi, Candy Candy] para soarnos familiares. E, unha vez hipnotizados, empezaron a nos calcar toda a súa disparatada e interminable mitoloxía [Pokemon, Chihiro]. O cine xaponés supoño, por supoñer algo, que foi un dos máis influíntes na estética de finais de século.

Uf e mil veces uf.

smile Comment Share

64- estibalabia 14 Dec 10

**Bos días. Quería preguntarlle qué opinión lle merece o cine xaponés, o anime.**

Grazas ao anime pasei unha época obsesionada coa *Princesa Mononoke*: escoitaba a música da mañá á noite e pretendía que a xente que me importaba tragase tamén a peli comigo. Vina moitas veces. *A viaxe de Chihiro* non me gustou nin a metade, con todos eses deuses absurdos. Como acontece en non poucas ocasións neste mercado, creo que o éxito de Chihiro non foi máis que a resaca do éxito calado de películas precedentes do mesmo autor, como Mononoke. Mononoke é espléndida, cun pulso narrativo e uns personaxes memorables. Moito máis épica.

Do cine xaponés en xeral tampouco son experta, pero lembro os contos de terror da peli *O máis alá*, de Kobayashi - en concreto un sobre a cabeleira dunha muller-, *Os contos da lúa pálida de agosto de Mizoguchi*, *Dolls* e *Zatoichi* de Kitano, *Ran*, *Trono de sangue*, *Rashomon* e *Os soños* de Kurosawa, *Ringu*, *Akira*... e, sobre todo, sobre todo, *O intendente Sansho*, de Mizoguchi, que vin moi cativa e da que me quedou gravado o suicidio da irmá nas augas. A crueldade desa peli esquécese con dificultade.

Teño ganas de ver *Ghost in the shell*.

smile Comment Share

63 - estibalabia 14 Dec 10

**te acuerdas cuando fuimos a ver a Morente y los Lagartija Nick en Ferrol?**

Eim... pues sí. Quién eres??!

smile Comment Share

62- estibalabia 14 Dec 10

**Autores españoles actuales que leas y te gusten. gracias**

María Eloy-García, Manuel Vilas, Andrés Neuman, Enrique Vila-Matas, Alberto Olmos, Esther García Llovet, Susana Benet, Javier Marías, Antonio Orejudo, Maite Dono, Agustín Fernández-Mallo, A. Calvo Galán, Ana Gorría, Álex Nortub, Quim Monzó, Luna Miguel...

smile Comment Share

61-estibalabia 12 Dec 10

**bonitas piernas**

se lo diremos

smile Comment Share

60- estibalabia 12 Dec 10

## ¿Todavía sigues yendo por el Pata? Vi una foto tuya en el Pata

Hace tiempo que no voy. Así e todo -me encanta esa expresión galega- cuando en un futuro perpetren una ouija en ese lugar santo, mi espíritu será uno de los muchos que se hacinen por allí: con el codo de cualquier otro espíritu medio borracho metido hasta la campanilla

smile Comment Share

59- estibalabia 12 Dec 10

## ¿Por qué non seguiches facendo teatro?

Nunca o fixen en realidade: foi un hobby universitario levado demasiado lonxe. Xamais me interesou en absoluto unha carreira no teatro, senón estar preto dos textos, tanto como para levalos na boca e na memoria durante un tempo. Pero non teño talento para o teatro: se un texto non me gustaba, non mo cría e levábao fatal, como unha lousa. Iso non é ser actriz.

Con respecto á actuación desemboquei nun delta de conclusións hai xa un tempo: non me comprace demasiado a actuación que implica unha presenza física miña; non experimento ese pracer extático cos aplausos que outros compañeiros din experimentar; prefiro a rede, os libros, os blogs e, só moi de cando en vez, o cheiro a acetato queimado, os cables orfos por doquier e a íntima sordidez dos camarinos. En xeral, non me gusta demasiado ter o público á vista.

smile Comment Share

58- estibalabia 11 Dec 10

## ¿Todavía fumas?

Hace muchísimos años que no.

Tantos como, supongo, hace que no me ve usted ☺

smile Comment Share

57- estibalabia 10 Dec 10

## ¿Cuáles son las razones vergonzosamente obvias de haber elegido el mes de julio, si es que se pueden saber? H.

Quien lo probó, lo sabe

smile Comment Share

56- estibalabia 10 Dec 10

**Boa noite, Estíbaliz. Estou lendo Zoommm e flipo. Só quería que o soubese.**

Flipo con que alguén se moleste en facermo saber. Éme comfortable lelo, algo así como tumbarse nunha frase de felpa e franela

smile Comment Share

**55.- estibalabia 10 Dec 10**

**mola tu voz!!! ¿¿eres cantanteo algo así?**

Algo así

smile Comment Share

**54- estibalabia 10 Dec 10**

**hola....dime algo, ya sabes quien soy**

No idea

smile Comment Share

**53- estibalabia 10 Dec 10**

**en esa foto está usted bella**

sí, esa foto es mucho más bella que yo y lo seguirá siendo por mucho más tiempo.

Tal vez tenga usted una oportunidad con ella.

smile Comment Share

**52- estibalabia 10 Dec 10**

**a que te dedicas**

A poñer tiles mentais en frases mal construídas.

Éche un vicio obsesivo que me separou das xentes de mal escribir

smile Comment Share

**51- estibalabia 10 Dec 10**

**escribes bien pero te lo tienes muy creído. m,i pregunta es: hasta cuando?**

Jo. Hasta el fin de la credulidad de los tiempos.

Sin duda.

smile Comment Share

**50-** estibalabia 10 Dec 10

**vas a publicar prosa? lo que publicas en el blog algunas veces me gusta**

Prosa tal vez.

Algunas veces no sé si se interpreta así: "lo que publicas en el blog algunas veces" o así: "me gusta algunas veces". Cambia la orientación del halago. Las comas suelen resolver estos conflictos limpia y discretamente.

No sé si darte las gracias

o

no sé si dártelas, gracias.

smile Comment Share

**49-** estibalabia 9 Dec 10

**¿Consideras que escribes bien?**

De novo o verbo considerar.

Sí, creo que escribo ben.

Tamén creo que iso, así en cru, non serve para nada e que somos centos de millóns os que escribimos máisoumenosben. Escribir ben é unha cousa. Ser escritora, outra, outra cousa melliza pero non igual.

smile Comment Share

**48-** estibalabia 9 Dec 10

**Sabes onde podo conseguir Pan (libro de ler e desler)?**

As miñas últimas novas é que nas librarías leva agotado como 5 anos. Así que ou ben nas bibliotecas públicas ou ben chamando directamente ao fondo de libros da Fundación Caixa Galicia, que financiaba a publicación dos premios Esquíu. Se cadra, aínda teñen caixas nos sotos con exemplares algo resesos de *Pan* e de moitos outros. Pensemos que agora que van fundir as "caixas" e rachar coa pana, quizais aproveiten para converter todo ese papel en confetti celebraticio.

smile Comment Share



47- estibalabia 9 Dec 10

**¿Hacia dónde ibas ayer por la calle Barcelona? ;-)**

A contestar esta pregunta no, me consta.

smile Comment Share

46- estibalabia 6 Dec 10

**¿Has publicado algo o vas a publicar próximamente? He leído textos tuyos en tu blog. ¿Forman parte de algún libro? Todos parecen reflexionar sobre temas comunes: la tinta y el papel, fama social, elementos de matemáticas o física cuántica o similar**

Sí, tengo un libro terminado hace más de un año que orbita esos temas que mencionas en tu pregunta. Soy perfeccionista para publicar, tardo mucho. Mi ritmo no es mercantil. Es hormonal. Eufórico. Doloroso. Bipolártico. Pimpampúm.

Algo publicaré, espero. La tinta nueva pone mucho.

smile Comment Share

45- estibalabia 6 Dec 10

**¿Te consideras guapa?**

Monirma. Soy un objeto de este planeta y, como suele ser común a todos ellos, ofrezco espejismos gratis según cómo incida sobre mí la luz.

Respuesta portátil: según me dé la luz.

De tu pregunta -algo bobalicona- me cautiva el verbo «considerar»: colocar entre estrellas. *Considerarse* a una misma ya es un logro cósmico que nos ha llevado como que siglos. Para qué más.

Podría rubricar todo esto con alguna cita clásica, no sé, de Pynchon o Houellebecq o Preciado. Pero para qué más.

smile Comment Share

44- estibalabia responded to estibalabia 5 Dec 10

O de Szymborska...

Torturas

Nada ha cambiado.  
El cuerpo es doloroso,  
necesita comer, respirar y dormir,  
tiene piel fina y, debajo, sangre,  
tiene buenas reservas de dientes y de uñas,  
huesos quebradizos, articulaciones dúctiles.  
Para las torturas todo se tiene en cuenta.

Nada ha cambiado.  
El cuerpo tiembla como temblaba  
antes y después de la fundación de Roma,  
en el siglo veinte antes y después de Cristo,  
las torturas son como fueron, aunque la tierra ha menguado  
y diríase que todo sucede a la vuelta de la esquina.

Nada ha cambiado.  
Salvo el número de habitantes por metro cuadrado,  
a las viejas culpas de suman nuevas,  
reales, imputadas, momentáneas y nulas,  
pero el grito del cuerpo que las avala  
era, es y será un grito de inocencia  
según el baremo y escala seculares.

Nada ha cambiado.  
Quizás los modales, las ceremonias y las danzas,  
pero el gesto de brazos protegiendo una cabeza  
sigue siendo el mismo.  
El cuerpo se retuerce, forcejea para liberarse,  
cae postrado, dobla las rodillas,  
lividece, se hincha, babea y sangra.

Nada ha cambiado.  
Salvo el curso de los ríos,  
la línea de los bosques, costas, desiertos y glaciares.  
Por esos parajes el alma yerra,  
desaparece, vuelve, se acerca y se aleja,  
ajena a sí misma e inasequible,  
ora segura, ora insegura de su existencia,  
mientras el cuerpo es, es y sigue siendo,  
y no tiene dónde cobijarse.

smile Comment Share

43- estibalabia 5 Dec 10

**Antes respondiches con que che gustaban dous poemas: un de Neruda e outro de Symborska. ¿Podes poñelos aquí para os que non os encontramos en Internet, por favor? Moitas grazas e parabens pola túa laboura**

Era de Vallejo, non de Neruda. Vallejo case sempre foi sublime. Neruda tamén, pero menos.

Considerando en frío, imparcialmente...

Considerando en frío, imparcialmente,  
que el hombre es triste, tose y, sin embargo,  
se complace en su pecho colorado;  
que lo único que hace es componerse  
de días;  
que es lóbrego mamífero y se peina...

Considerando  
que el hombre procede suavemente del trabajo  
y repercute jefe, suena subordinado;  
que el diagrama del tiempo  
es constante diorama en sus medallas  
y, a medio abrir, sus ojos estudiaron,  
desde lejanos tiempos,  
su fórmula famélica de masa...

Comprendiendo sin esfuerzo  
que el hombre se queda, a veces, pensando,  
como queriendo llorar,  
y, sujeto a tenderse como objeto,  
se hace buen carpintero, suda, mata  
y luego canta, almuerza, se abotona...

Considerando también  
que el hombre es en verdad un animal  
y, no obstante, al voltear, me da con su tristeza en la cabeza...

Examinando, en fin,  
sus encontradas piezas, su retrete,  
su desesperación, al terminar su día atroz, borrándolo...

Comprendiendo  
que él sabe que le quiero,  
que le odio con afecto y me es, en suma, indiferente...

Considerando sus documentos generales  
y mirando con lentes aquel certificado  
que prueba que nació muy pequeñito...

le hago una seña,  
viene,  
y le doy un abrazo, emocionado.  
¡Qué mas da! Emocionado... Emocionado...

smile Comment Share

42- estibalabia 5 Dec 10

### **E assim ja postos -qual era ese "colegio" de curas espanholistas?**

Estudiei con monxas. Logo con curas. Nunca tiven idea de que foran españolistas.

A meirande parte dos curas [e non me refiro aos que me deron clase a min en exclusiva] teñen como patria o diñeiro e o seu propio colexio. Son sucursais dunha multinacional: nese sentido, resultan moi operativos.

Un deles caérame ben.

Está claro que o meu colexio importa máis que as miñas potentes imaxes literarias farmacociberpúnkidas. Asesor de márketing, considérese vostede despedido!

smile Comment Share

41- estibalabia 5 Dec 10

### **Creo que buena parte de los que hemos tenido el placer de escucharte cantar jazz o sintonías clásicas de cine no coincidimos con ese envidioso de antes. Recuerdo una versión de Carinhoso y otra de Under the rainbow, ambas estupendas todo gracias a tu voz.**

"Under my skin, the rainbow " será mi próxima versión, jajajaja. HÍBRIDA, como mandan los cánones de los tiempos.

Te agradezco que hayas roto tu lanza.

smile Comment Share

40- estibalabia 5 Dec 10

### **El cuento del neanderthal aparece en los textos biónicos?**

No exactamente. En ese libro hai un poema llamado neanderthal. El cuento al que han hecho referencia no aparece recogido en ningún volumen, se publicó en junio del 2008 en Galicia Hoxe bajo el título: "Discurso hibridado con"

smile Comment Share

39- estibalabia 5 Dec 10

### **Lin un texto teu na rede sobre unha relación lésbica. Estaba moi ben.**

Pois graciñas

smile Comment Share

38- estibalabia 5 Dec 10

### **E definirías a túa poesía como experimental?**

Non sei. Podemos pensar que se a poesía, tomada como artefacto así en frío, é unha linguaxe que se quedou sen música, sen trama, sen voz narrativa, sen rima, sen bestsellerismo, sen espazo nas librerías e sen crédito nos bancos das preferencias literarias... que cousa lle queda senón retorcer a linguaxe coma quen retorce substancias nunha retorta ou un trapo sucio, unha lingua de trapo?

Algo ten a poesía de monstroiño. De Frankenstein. De Criatura. Falei diso xa noutro lugar.

Logo tamén hai quen usa o adxectivo experimental como sinónimo de "que non entende ninguén". Interésame máis o que insinúa de "non esperable", de "aniquilador de clichés".

Escribir [ben] sempre implica un pequeno truco experimental. Construír unha linguaxe, xa o dixeron os sabios previos, é construír un mundo.

Exceptuando o estilo "redacción escolar" de boa parte da literatura que, inflacionariamente, se publica.

smile Comment Share

37-estibalabia 5 Dec 10

### **E ser filla de papá é pecado?**

Encantaríame selo.

Todas estas privadeces son idas de olla [de pota?] do aburrimiento. Certamente.

smile Comment Share

36- estibalabia 5 Dec 10

### **Ola, chámome Alba e estudo lite galega. Pensaba se podes facer unha desas listas túas con filias e fobias da vida cultural galega?**

Ola, Alba. Non penso que este sexa o lugar axeitado para unha lista así. Ben sei que alimenta o morbo, necesitado de manxares continuamente, pero non. Grazas pola proposta.

smile Comment Share

35- estibalabia 5 Dec 10

**El cuento del neanderthal lo leí en Galicia Hoxe. Muy bueno, sigue así. Un abrazo.**

Spasiba

smile Comment Share

34- estibalabia 3 Dec 10

**xamais foches unha nena de papá?? no teu colexio de curas españolistas??**

Xamais tiven a oportunidade de ser unha nena de papá. A oportunidade vital de selo.

Naturalmente, adoitan ser os nenes de papá quen xulgan aos demais polo colexio no que estudan, non é?

[unha pregunta sobre literatura tampouco estaría mal, ché]

smile Comment Share

33- estibalabia 3 Dec 10

**He leído un cuento tuyo sobre un neandertahl o algo así. Me parece más prosa poética que cuento. Aún así: muy bueno.**

De agradecer se lo he.

smile Comment Share

32-estibalabia 2 Dec 10

**Ola Estívaliz!! Unha pregunta: iso de cortar os títulos dos poemas como en Cruzo un home que me ou Talento se.....¿ que quere dicir ou a qué obxectivo responde? É simples curiosidade. Moitas grazas!!**

Falamos cortando as frases, sobreentendendo sentidos. Penso que na literatura non se pode xogar demasiado aos sobreentendidos -de seguida tornan en malentendidos-, pero un pouco si.

O entrecortado causa emoción, conmoción, ansiedade. Ás veces, escribindo, búscase ese efecto. É un efecto. Un after effects literario.

smile Comment Share

31-estibalabia 2 Dec 10

**¿Qué conho tienes en esa foto? ¿un velo o algo así?**

Un libro. Visto en pequeno debe de parecer un conho, si.

Pero non.

smile Comment Share

**30-** estibalabia 2 Dec 10

**Cantas fatal. Escribes peor. Fdo: envidiosilla**

Seguramente. Asinando así, ti tampouco envexas moi ben, que digamos

smile Comment Share

**29-** estibalabia 2 Dec 10

**Vas votar ó bloque ¿a que si?**

Ti parece que si, dende logo

O voto é secreto... etcétera e bla.

smile Comment Share

**28-** estibalabia 2 Dec 10

**¿El fondo de pantalla es tu casa? Dicen por ahí que eres una niña de papá que vive en el centro de La Coru.**

No es mi casa.

No he sido una niña de papá.

He vivido, sí, en el centro. En el centro de la tierra.

And don't feed the troll 😊

smile Comment Share

**27-** estibalabia 2 Dec 10

**Entonces, ¿gustaríache vivir da literatura?**

Claro

smile Comment Share

**26-** estibalabia 30 Nov 10

**¿Vives de la literatura? ¿Cuántos libros sueles vender al año, por caso?**

Non, non vivo da literatura, cousa que lamento sen dereito ningún a lamentarme. A literatura axuda, pero hai que ter un plan B e moitas outras letras do alfabeto.

Non sei cántos libros vendo ao ano. E de sabelo, dubido moito que o revólver-xoia da miña dignidade me permitise disparar dato semellante así, "por las buenas".

smile Comment Share

25- estibalabia 30 Nov 10

### **a canción estaba en GALEGO**

Si, eu cantábaa en galego. A orixinal é portuguesa.

smile Comment Share

24- estibalabia 30 Nov 10

### **Moi boas. Vinte na obra de teatro do Clube da Calceta habera un par de anos como pouco e cantavas unha canción ali dun ruiseñor... como se chamaba**

É "Cantilena", do poeta Sebastião da Gama. Unha cantiga moi clásicamente saudosa, si. Creo que a música era dun tal Padre Fanhais. Chamábamoslle A do ruiseñor. Ou rouxinol, en portugués.

A min lembrábame moito a un poema vasco de Artze que cantaba Mikel Laboa: "Txoria txori". Que tamén vai dun paxaro e das súas capacidades voadeiras. Escoitádeo, se queredes, porque da do Rouxinol non atopei gravación [tereí que gravala eu, vaiapordior]:

```
<object width="480" height="385"><param name="movie" value="http://www.youtube.com/v/0NW7CZxOxhl?fs=1&hl=es_ES"></param><param name="allowFullScreen" value="true"></param><param name="allowscriptaccess" value="always"></param><embed src="http://www.youtube.com/v/0NW7CZxOxhl?fs=1&hl=es_ES"; type="application/x-shockwave-flash" allowscriptaccess="always" allowfullscreen="true" width="480" height="385"></embed></object>
```

smile Comment Share

23- estibalabia 30 Nov 10

### **"Que riquiño" non: RIQUIÑA. :)**

Usté perdoe, dona

smile Comment Share



22- estibalabia 30 Nov 10

**Ola. Que opinas de Samuel Solleiro?**

Non lle lin novela ningunha, pero as letras de Ataque Escampe parecíanme moi boas.

Quero lelo.

smile Comment Share

21-estibalabia 30 Nov 10

**¡Estou da promoción e autobombo das poetisas deica as conachas!**

Explíquese. Pero aquí non. Nalgún outro lugar onde poida dar renda solta á autopromoción e autobombo da súa fartura.

Pois que imos fartas da promoción e autobombo do anónimo farto.

smile Comment Share

20- estibalabia 30 Nov 10

**Si. Eres tan borde como parece. Muchas gracias.**

Soy de bordes redondeados, que conste...

smile Comment Share

19- estibalabia 30 Nov 10

**Non te coñecía pero teño ganas. Onde se conseguen os teus libros?**

Qué riquiño/a.

Nas bibliotecas públicas adoita haber algúns [falo das de Coruña, non sei nas demais cidades]

smile Comment Share

18- estibalabia 30 Nov 10

**Gotcha!**

Celebrémolo!

smile Comment Share

17- estibalabia 30 Nov 10

**¿tes inimigos, e son poderosos? Dígoo porque parece que se che coñece máis fóra que aquí**

Jo, que parvada, non me preocupe. Os meus inimigos, de telos, serán poderosos ou non serán. Que non me quite lustre a banalidade dos que me odian!

Coñéceseme máis fóra? Vostede cre?

Que é fóra?

smile Comment Share

**16-** estibalabia 30 Nov 10

**As pernas da foto son túas? Hehehehe. Sen coñas: que pesonaxe da literatura galega te foderías? (hehehe)**

Ne pas comprends: personaxe de ficción ou personaxe da vida pública?

Non creo que este tipo de respostas arroxe luz ningunha sobre o que se me dá por escribir.

Os heroicos personaxes de Ferrín tiñan pinta de estar cachondos, así en plan aureola céltica [ela aguanta o riso e segue]. E, por suposto, María Balteira. Por que non?

Sex and literature. O vello combo aínda ten tirón, mimá.

smile Comment Share

**15-** estibalabia 30 Nov 10

**Quería saber de qué vai a xeración dos noventa en poesía**

Home, non son eu unha consultora online. Éche un tema moi vasto. Coñezo á meirande parte dos seus integrantes, inclúeseme tamén nesa xeración, malia ter publicado por vez primeira no ano 2000 [sempre repito o mesmo rolo]. Non coincido moito nesa xeración, por esa [data de publicación] e por outras cousas. Pero ten nomes excelentes, penso

smile Comment Share

**14-** estibalabia 30 Nov 10

**¡¡Me censuraste un comentario!!**

Sería censurable. Qué esperabas!

smile Comment Share

13- estibalabia 30 Nov 10

**Das un poco de asquito con todo esto**

[?]

smile Comment Share

12- estibalabia 30 Nov 10

**Ola... Non sei de que va isto. O teu blog mola**

Grazas.

Isto vai disto: ping-pong

smile Comment Share

11- estibalabia 30 Nov 10

**¡Hola Estíbaliz!!! ¿Qué estás leyendo? (Si nos lo puedes decir aquí) Belén**  
Podo, claro. Las correcciones, de Jonathan Franzen; Imágenes del cosmos,  
dun divulgador inglés cuxo nome non lembro

A cachos, cousas na rede [blogs, páxinas web, poemas]... supoño que hai que  
incluír tamén todo iso.

smile Comment Share

10- estibalabia 29 Nov 10

**E isto que é? Unha nova forma de promoción persoal?**

Xa mo preguntou antes. Empezo a pensar que a forma de promoción persoal é  
a súa pregunta. Se asina vostede, claro.

smile Comment Share

9- estibalabia 29 Nov 10

**¿Eres tan borde como parece?**

Lo justito para evitar que se precipite usted por un acantilado.

[Mi reino por una pregunta literaria, porfa- sighed she]

smile Comment Share

8- estibalabia 29 Nov 10

### **Elixe un poema definitivo (non valen teus)**

mmmh *Considerando en frío, imparcialmente...* de César Vallejo, por exemplo.  
Ou *Torturas*, de Szymborska.

Eu non dispoño de poemas definitivos. Aínda. Pero grazas pola fe.

smile Comment Share

7- estibalabia 29 Nov 10

### **E isto que é? Unha forma de promoción literia ou persoal?**

A literatura, para a nosa desgraza, parece unha cuestión persoal ata os tempos en que volvamos a Anónimas e demais. Pero eu penso que é unha cuestión colectiva, global.

Tamén admito preguntas sobre literatura.

smile Comment Share

6- estibalabia 29 Nov 10

**Te escuché hace poco recitar y me quedé flipada. Eran poesías sobre el papel de la página y sobre los hombres y las mujeres. Me sorprendieron y nada más que decirte que muy bien escritos.**

Gracias

smile Comment Share

5- estibalabia 29 Nov 10

**debeu de ser no teu blogue onde unha vez leín que che gustaba o hentai.**

Debeu de ser.  
O lestai, si.

Tamén admito preguntas non literarias, eh? :]

smile Comment Share

4- estibalabia 29 Nov 10

### **Desde cando escribes**

Dende que sei, como todo o mundo.

Ou dende hai oito minutos, pero dotada dunha memoria de anos que... bla porque bla.

Elixa a que máis lle guste

smile Comment Share

3- estibalabia 29 Nov 10

### **A pregunta das películas. qué fas hoxe pola noite?**

A resposta dos idiotas: teño unha cita. Cunha páxina.

smile Comment Share

2.- anónimo 29 Nov 10

### **Tienes hijos?**

No he abierto esta ventana para ese tipo de preguntas. La respuesta existe en otros lugares.

Pues vine a hablar de mi libro, disque dixo o outro.

smile Comment Share

1.- anónimo 29 Nov 10

### **¡Hola! Quería preguntarte cal é a túa escritora preferida**

Non podo decidirme por unha.

Fleur Jaeggy, Virginia Woolf e Clarice Lispector.

Cousas de Sei Shonagon, de Sor Juana Inés de la Cruz, de Wislawa Szymborska, de Agota Kristoff [O grande cuaderno], de Amélie Nothomb, de Rosalía, Emily Dickinson, Luísa Villalta, Olga Novo, Colette...

Sonche moitas.

Só creo nas favorite things cando canto a canción.

smile Comment Share